Sin perjuicio de las responsabilidades que, conforme a los artículos 40.1 y 53 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, puedan corresponder a la Agrupación, cada miembro integrante de la misma será responsable del cumplimiento de las actividades que se hubiera comprometido a realizar. En el caso de que una de las Partes incumpla el presente Acuerdo, se tomarán las medidas necesarias para alcanzar los objetivos del Proyecto y llevar a término el trabajo correspondiente a la Parte infractora. En este caso, el Acuerdo sobre la reasignación de tareas a que lleguen las Partes deberá ser objeto de autorización por parte del Órgano Concedente, a partir de la propuesta remitida por el representante o apoderado único.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Cada membro integrante de la Agrupación se compromete a ejecutar el gasto conforme a las normas establecidas en las bases Reguladoras de la convocatoria y en la Resolución de concesión de la ayuda, así como en las observaciones e instrucciones que a tal efecto determine el órgano administrativo competente. Todos los gastos deberán realizarse dentro del periodo de vigencia del Proyecto que se establezca en la Resolución o, en su caso, en las prórrogas autorizadas por el órgano administrativo competente.

Los miembros de la Agrupación son responsables de poner a disposición del representante o apoderado único la documentación justificativa de la ayuda exigida en la convocatoria. Dicha documentación justificativa le será remitida al representante o apoderado único con la antelación suficiente para que pueda hacerla llegar al órgano administrativo competente en tiempo y forma. En el ámbito interno de la Agrupación, el representante o apoderado único se exime de cualquier responsabilidad que se pueda derivar de la no presentación en plazo de la documentación que cualquier participante deba presentar, siempre y cuando el retraso sea imputable a dicho participante. Por tanto, cada miembro de la Agrupación asume expresamente todas aquellas consecuencias que en su caso pudieran derivarse por la no presentación en tiempo y forma del soporte documental referido.

Cada miembro de la Agrupación deberá responder de las obligaciones de reintegro o de las sanciones que en su caso se impusieren a la propia Agrupación como consecuencia del incumplimiento de sus compromisos. Por otra parte, cada miembro de la Agrupación será individualmente responsable de las subcontrataciones que realice para el desarrollo del Proyecto. Las obligaciones que contraiga con los subcontratistas no podrán ser exigidas al representante o apoderado único ni al resto de miembros de la Agrupación.

b) Indemnización.

La Agrupación en su conjunto no será responsable de cualquier cantidad adeudada por uno o varios de sus miembros por incumplimientos descubiertos después de la fecha final de ejecución del proyecto. Así mismo, la Agrupación no será responsable de cualquier indemnización por daños y perjuicios o penalizaciones exigibles a una parte individual.

Salvo en los supuestos de actuación u omisión dolosa o negligencia grave, el importe máximo a exigir a un miembro de la Agrupación en concepto de indemnizaciones como consecuencia de incumplimientos en las obligaciones y compromisos adquiridos en virtud del presente Acuerdo será el correspondiente al importe de la ayuda que le haya sido asignada en la correspondiente Resolución de Concesión de ayuda o en modificaciones posteriores de la misma.

Sin perjuicio del límite máximo teórico de una indemnización por un incumplimiento a exigir a la parte incumplidora indicado en el párrafo anterior, la Agrupación, en el ámbito de su Comisión de Gobierno, Control y Seguimiento, tendrá en cuenta y valorará todos los elementos y circunstancias objetivas que hayan podido influir, tanto directa como indirectamente, en la acción u omisión generadora del incumplimiento, de forma





Concello de Mugardos
(A Coruña)

que la decisión definitiva al respecto de (i) la existencia del incumplimiento, y (ii) el importe, en su caso, de la indemnización a solicitar a la Parte incumplidora, sea justa y razonable.

Si una vez transmitida a la parte incumplidora la decisión adoptada al respecto en el ámbito de la Comisión de Gobierno, Control y Seguimiento de la Agrupación, dicha parte incumplidora estuviera conforme con la misma, deberá proceder al abono de la indemnización a la parte afectada por el referido incumplimiento. En caso de que la parte incumplidora no estuviese de Acuerdo con la decisión adoptada, bien por el concepto, bien por el importe de la indemnización, y se negara, por tanto, a su abono, los demás entes integrantes de la Agrupación podrán ejercitar de manera colectiva o individual las acciones legales que estimen oportunas frente a aquella parte incumplidora.

c) Confidencialidad.

Los miembros de la Agrupación se comprometen a utilizar la información confidencial recibida únicamente en relación con el fin para el que fue divulgada, dentro del alcance del propósito de este Acuerdo y solo para los usos previstos en el mismo. Consecuentemente, no la utilizarán para ningún otro propósito, no la divulgarán a terceros, y no la publicarán por cualquier medio sin la autorización previa por escrito del miembro de la Agrupación titular de dicha información confidencial.

Los subcontratistas solo podrán acceder a la información confidencial cuando sea estrictamente necesario para realizar los trabajos subcontratados, y habrán de suscribir un Acuerdo de confidencialidad con obligaciones similares a las establecidas en la presente cláusula. El miembro de la Agrupación que actúe como subcontratante será en consecuencia responsable de cualquier incumplimiento por parte de sus subcontratistas.

Esta obligación de confidencialidad no será de aplicación en los siguientes supuestos:

a) Cuando la parte receptora de la información disponga de evidencia de que conocía previamente dicha información recibida.

b) En el caso de que la información recibida sea de dominio público en el momento del acceso a la misma o se haga pública por razones no atribuibles a la parte receptora.

c) Cuando la Parte receptora adquiriese esta información de un tercero sin compromiso de confidencialidad.

d) En el supuesto de que la divulgación de la información sea requerida por una disposición normativa o por autoridad competente.

Los miembros de la Agrupación se comprometen expresamente a que todo su personal participante en el proyecto subvencionado conozca y observe el presente compromiso de confidencialidad, y declaran reconocer y asumir que cierta información relacionada con este Acuerdo y con la gestión del proyecto subvencionado deberá ser divulgada de Acuerdo con las leyes aplicables sobre transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

En relación a los conceptos incluidos en la presente cláusula, cada una de las partes será responsable de cada una de las actividades relacionadas en la cláusula quinta apartado 1, en proporción al gasto que cada entidad ejecute, incluyendo la obligación de justificar, el deber de reintegro y las responsabilidades por infracciones, así como en cuanto a la responsabilidad, indemnización y confidencialidad entre los participantes.

Segundo.- *Dar conta da presente Resolución ao Pleno para a súa ratificación na primeira sesión ordinaria que se celebre.*

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe.

O Alcalde

*Para os efectos de fe pública
A secretaria*

Juan Domingo de Deus Fonticoba Paula E. Ramos Díaz”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz BNG	Sinala que o seu grupo xa apoiara este asunto e que agora tamén votarán a favor, e solicita que os manteñan informados da resolución da subvención.

Rematado o debate, sometido o asunto a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	En contra

En atención ao resultado acadado, o Pleno de conformidade co establecido nos artigos 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar a resolución da alcaldía núm. 2023-1254, do 7 de decembro de 2023, nos seus propios termos.

4º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR E DE ESQUERDA UNIDA SOBRE O APOIO AO PROXECTO TRISKELION.- Moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 11 de decembro de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RE-2568, da que se dá conta na sesión ordinaria realizada pola Xunta de Portavoces realizada con





Concello de Mugardos
(A Coruña)

data 20 de decembro de 2023; sesión da Xunta de Portavoces na que os grupos municipais do Partido Popular e Esquerda Unida chegan a un acordo para que a moción sexa presentada ao Pleno de maneira conxunta.

Da inicio ao exame deste punto da orde do día o portavoz do grupo municipal do Partido Popular dando lectura ao escrito de moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El pasado 30 de noviembre, el Gobierno del Estado, a través del Ministerio de Transición Ecológica, dejó fuera de la concesión de ayudas europeas del fondo Next Generation EU a cinco proyectos encaminados a producir y distribuir hidrógeno verde, clave para descarbonizar fábricas y medios de transporte, en Galicia.

El proyecto Triskelion, ubicado en Mugardos y encabezado por Forestal del Atlántico, está catalogado de estratégico por la Xunta de Galicia, y se trata del despliegue de una planta de metanol verde que se tiene previsto empezar a construir en el tercer trimestre del año que viene y que podría entrar en funcionamiento en el 2028, con una inversión estimada de 181,6 millones de euros y que cuenta con el apoyo del Innovation Fund de la Unión Europea.

Este proyecto daría lugar a la creación de entre 250 y 300 puestos de trabajo durante las obras de instalación, así como un incremento de la plantilla de Forestal del Atlántico en 35 empleados directos y otros 75 indirectos.

Este proyecto, posicionaría la zona de Ferrolterra y a Mugardos, como el primero del mundo en la comercialización de metanol verde.

El proyecto Triskelion ha sido uno de los perjudicados por la decisión del Ministerio de Transición Ecológica, y por todo ello, el Pleno de la corporación adopta los siguientes

ACUERDOS

1º Instar al Ministerio de Transición Ecológica a establecer los mecanismos que sean precisos para financiar el proyecto Triskelion, ubicado en Mugardos, junto con los otros proyectos gallegos vinculados al hidrógeno verde.

2º Instar a la Xunta de Galicia a mantener su apoyo a proyectos de esta envergadura y que permitirían la descarbonización de diversos sectores productivos de Galicia.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

3º El Pleno del Concello muestra su respaldo al proyecto Triskelion de Forestal del Atlántico para su desarrollo en Mugardos, una vez finalice toda su tramitación y cuente con todas las autorizaciones favorables.”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Di que o seu grupo non está de acordo con algunhas expresións que figuran no texto da moción pero que están de acordo en apoiar o proxecto e á empresa. Indica que o seu grupo asistiu á presentación do proxecto, e que tiña certas dúbidas en aspectos técnicos, de perigosidade e de impacto visual do depósito. A continuación di que se trata dun proxecto dunha empresa privada á que lle reporta uns beneficios pero que non sabe como revertirá ese beneficio no concello, sinalando que este beneficio soe ser a través do emprego, e gustaríalle saber si os veciños de Mugardos poderían ser contratados xa que en outros casos o persoal fóra renovado con persoas de fóra do Concello porque a empresa dicía que tiña que ser persoal especializado; e no caso de que sexa necesario ter persoal especializado habería que pedirlle que axudase a traer unha formación profesional específica para os mugardeses.
Portavoz BNG	Indica que o seu grupo vaise a abster. De seguido di que este tipo de mocións non teñen validez xurídica e só se trata dunha instancia política. Di que no presente caso trátase dunha subvención e hai que seguir as normas de concorrência e que aínda que o máximo de orzamento eran 150 millóns o presuposto da empresa era de 181 millóns e polo tanto se non se cumpren as normas da convocatoria é normal que non se conceda a subvención. De seguido di que non se van a meter nun procedemento administrativo que non ten que ver co Concello, e isto non ten nada que ver con apoiar ou non a unha empresa ou con apoiar ou non a unha industria, e por suposto que están a favor do investimento, e ogallá que iso signifique máis emprego para Mugardos e ogallá se consiga o compromiso real da industria con Mugardos e os convenios que deberíamos de ter asinados con esas empresas.

Segunda quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Di que a pesar de todo votarán a favor da moción e desexan que o proxecto saia adiante, e que seguro que a aposta da empresa sairá adiante e dará beneficios.
Alcalde	Sinala que aínda que estes acordos non teñan valor xurídico noutras ocasións o Pleno apoiou a outros sectores. De seguido di que eles non lle poden dicir á empresa a quen contratar e que non entende que agora o PSOE teña dúbidas técnicas porque no ano 2022 dicía que as industrias radicadas en mugardos eran un referente para a comarca e que era imprescindible que o goberno se comprometese cos proxectos que se estaban desenvolvendo e que esa era a mensaxe que lle





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	trasladara ao delegado de industria o cal era coñecedor dos proxectos de Reganosa e de Forestal del Atlántico, e naquel momento non tiña dúbidas técnicas e estas viñeron despois das eleccións. Para rematar di que eles seguen comprometidos cos proxectos de Mugardos e que moitas veces hai que deixar as siglas aparte e apoiar os proxectos estratéxicos para Mugardos.
Portavoz PP	Sobre esta moción o BNG dixo na Xunta de Voceiros que estaba pendente de consultalo co consello comarcal, pero as decisións de Mugardos se toman en Mugardos, e a este goberno se lle criticou ser uns títeres da Xunta de Galicia e na Xunta de Voceiros se demostrou quen son os títeres de Santiago, e sen embargo este goberno antepón a Mugardos por encima das siglas. De seguido di que o problema das tecnoloxías verdes é que na rede eléctrica española non se está a facer investimento ningún entón as empresas non teñen enerxía suficiente para facer as instalacións dos equipos necesarios para poder obter o metanol verde. Para rematar di que este proxecto faría de Mugardos o primeiro punto de Europa e do mundo en comercio deste biocombustible e pensa que cumprindo con tódolos informes técnicos pode cambiar non só o futuro deste concello senón tamén doutros países.

Rematadas as intervencións e sometida a moción a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, o Pleno aoabeiro do establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

1º.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a establecer os mecanismos que sexan precisos para financiar o proxecto Triskelion, situado en Mugardos, xunto cos outros proxectos galegos vinculados ao hidróxeno verde.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a mantero seu apoio a proxectos desta envergadura e que permitirían a descarbonización de diversos sectores produtivos de Galicia.

3º.- O Pleno do Concello amosa o seu respaldo ao proxecto Triskelion de Forestal del Atlántico para o seu desenvolvemento en Mugardos, unha vez finalice toda a súa tramitación e conte con tódalas autorizacións favorables.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

5.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A XESTIÓN DIRECTA DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE AUGA, LIXO E REDE DE SUMIDOIROS.- Moción presentada con data 18 de decembro de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RPLN-11, da que se dá conta na sesión ordinaria realizada pola Xunta de Portavoces realizada con data 20 de decembro de 2023.

Da inicio ao exame deste punto da orde do día o portavoz do grupo municipal do PSOE dando lectura ao escrito de moción:

“Exposición de motivos,

O concello de Mugardos realiza una xestión directa dos servizos municipais de auga, lixo e rede de sumidoiros, tanto da prestación dos servizos como da recadación das taxas polos mesmos.

Existen catro ordenanzas municipais vixentes que regulan os pagos que deben realizarse segundo os servizos (auga, saneamento, rede de sumidoiros e recollida de lixo):

Ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa pola recollida de lixo

Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa pola subministración de auga

Ordenanza fiscal nº 8, reguladora da taxa polo servizo de rede de sumidoiros

Ordenanza fiscal nº 29, reguladora da taxa pola prestación do servizo de colectores estación de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal en alta da zona da ría de Ares e sur da ría de Ferrol

*O artigo 5 parágrafo 2 das ordenanzas nº 6, 7 e 8 indican: **O deveción prodúcese o primeiro día de cada trimestre natural.** Salvo nos casos de alta en que o deveción producírase o día do alta. As cotasson irreducibles.*

*No caso da ordeanza nº29 no seu artigo 6 sinala: As cotas que resulten da aplicación das tarifas do artigo anterior terán carácter trimestral, se ben **a liquidación efectuarase a través dun recibo emitido trimestralmente polo Concello de Mugardos** ou pola empresa concesionaria do respectivo servizo municipal.*

Na actualidade non se están a practicar liquidacións de auga, saneamento, rede de sumidoiros e recollida de lixo, durante os tres últimos trimestres. O día un de xaneiro cada fogar e empresa de Mugardos acumulará o consumo de auga máis as taxas de saneamento, rede de sumidoiros e recollida de lixo de todo o ano 2023. O concello de Mugardos incumpe a súa propia normativa.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Por outra parte no referente a depuración a normativa autonómica Ley 1/2022, de 12 de xulio, de mellora de la xestión del ciclo integral del agua sinala no seu artigo 65 “7. Establécese a obriga das entidades subministradoras de auga e prestadoras do servizo de sumidoiros de presentar autoliquidación durante os meses de xaneiro, maio e setembro,”

Obriga que, a data de presentación de esta moción, non recibimos información de que se estea a cumprir. Do que si somos conscientes e de que non se repercutiu importe ningún de esta taxa xa que non se cobraron os recibos no ano 2023.

Mugardos podería esta incorrendo na infracción sinalada no artigo 72 “Infracción tributaria por incumplir a obrigación de repercutir o canon da auga en factura da auga.

Polo anteriormente exposto podemos concluír que na xestión fiscal do Concello de Mugardos hai una eiva importante que afecta os fogares dunha forma directa, xa que deberán asumir a acumulación dos recibos non emitidos no 2023 e pagalos todos xuntos no ano 2024. E indirectamente ao non ter recibido o concello unha parte importante da seu financiamento que impide o cumprimento das obrigas legais de pagos a provedores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), o pago das axudas e subvención a particulares e agrupacións e a execución de obras e prestación dos servizos municipais necesarios.

Dado o prexuízo ás familias, a posible infracción tributaria, e mais o risco para estabilidade financeira do Concello de Mugardos.

Instamos ao Goberno Local a,

Poñer os medios necesarios para que o Concello de Mugardos poida cumprir a obriga de tomar a lectura dos contadores e confeccionar os padróns de auga, saneamento, rede de sumidoiros e recollida de lixo no prazo regulamentado.

Planificar a emisión dos recibos pendentes e ofertar adiamentos para facilitar o pago as familias e empresas.

Practicar as liquidacións correspondentes o exercicio 2024 aplicando as ordenanzas municipais.”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PP	Referente a si este Concello non repercute a taxa de depuración pregunta se está seguro do que se di na exposición de motivos, e con respecto a poñer os medios





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	necesarios para levar a cabo a lectura dos contadores e a confección de padróns pregunta si teñen algunha proposta de como ter os medios sen contratar persoal pola administración.
--	---

Segunda quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Sinala que está seguro do que di na exposición de motivos porque é o que marca a lei e que eles fixeron propostas para contratar persoal para levar a cabo a lectura pero que eles non van a facer o traballo do goberno, e será o concelleiro o que teña que facer o traballo e se non sabe facelo pode dimitir. De seguido di que o traballo se faga por persoal ou senón que se contrate unha empresa. E remata dicindo que esta situación non é agradable xa que logo de estar un ano sen pagar facturas cada familia debe uns 500 euros.
Portavoz PP	Indica que xa se está a repercutir a taxa, facéndose por liquidacións trimestrais tódolos meses do canon da auga e non hai débedas coa Comunidade Autónoma. De seguido di que a taxa de reposición para cubrir novos postos non dá nin para un posto e que o de contratar a unha empresa privada se pode mirar, pero que conste que o dixo o PSOE. A continuación di que xa puxeron en marcha procedementos para que os veciños solicitasen o aprazamento e fraccionamento de pagos de impostos e taxas municipais, e no que respecta a emisión de recibos e as liquidacións sinala que non o fai o persoal municipal, xa que o fai a empresa de recadación e que por exemplo o padrón da auga agora mesmo o teñen eles, e están esperando a que os manden, e sinala que trouxeron dúas veces a Pleno o tema da delegación da recadación na Deputación Provincial de A Coruña sen que saíse aprobado e o persoal municipal non pode asumir todo o traballo porque xa ten unha carga de traballo moi elevada. Para rematar di que eles antepoñen os veciños ás siglas, e pon o exemplo da votación do seu partido na moción presentada polo BNG en relación ao transporte metropolitano, pero que neste caso non poden votar a favor porque a solución a este problema é delegar a recadación na Deputación.
Portavoz PSdG-PSOE	A recadación sempre foi xestionada polo Concello e nunca antes estivo un ano sen pasar os recibos, e a Deputación





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	non ve que faga padróns nin lea contadores da auga, e polo tanto a moción non afecta á Deputación, tal e como di o concelleiro, e o problema non se vai a solucionar. De seguido di que o que lle preocupa é que o goberno non vote a favor porque non pode solucionar o problema, xa que non hai taxa de reposición e non vai a contratar a unha empresa privada, e polo tanto non vai a resolver o problema, e pensa que deberían de mirar máis polos veciños e que paguen cando toca. Para rematar di que o do aprazamento é para os recibos que se van a emitir durante ese ano pero que para os de anos anteriores haberá que facer algo especial, porque si se quere aprazar a rodaxe do ano 2024 hai que solicitalo antes do 31 de marzo de 2024, e dille ao voceiro do Partido Popular que debería mirar o regulamento para así poder saber o funcionamento.
--	--

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	En contra	A favor	A favor	Abstención

En atención ao resultado acadado, o Pleno de conformidade co establecido nos artigos 22 e 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Poñer os medios necesarios para que o Concello de Mugardos poida cumprir a obriga de tomar a lectura dos contadores e confeccionar os padróns de auga, saneamento, rede de sumidoiros e recollida de lixo no prazo regulamentado.

Segundo.- Planificar a emisión dos recibos pendentes e ofertar adiamentos para facilitar o pago as familias e empresas.

Terceiro.- Practicar as liquidacións correspondentes o exercicio 2024 aplicando as ordenanzas municipais.

6.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE LIMPEZA DE PRAIAS E PORTO DE MUGARDOS.- Moción presentada con data 18 de decembro de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RE-

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338-981470290-981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

2632, da que se dá conta na sesión ordinaria realizada pola Xunta de Portavoces realizada con data 20 de decembro de 2023.

Da inicio ao exame deste punto da orde do día a portavoz do grupo municipal do BNG dando lectura ao escrito de moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A praia da Bestarruza e o porto de Mugardos son o noso principal escaparate turístico, que aportan vida tanto á veciñanza como a aqueles que veñen de visita. Despois da renuncia das axudas para a limpeza de praias do ano 2023 o que supoñía 20.490,78 euros, podemos ver un exceso de lixo con restos de barcos que levan máis de un ano abandonados, neumáticos... etc que non so afean o noso paseo marítimo se non que son un perigo para animais, vida marítima, e persoas e un perxuizo para o medioambiente.

O grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación Concello de Mugardos a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO:

- Que atendendo ao anterior, fáganse as actuacións necesarias para a limpeza de praias e portos por parte do concello de Mugardos*
- Que se inste a Portos se faga cargo da limpeza alí onde non sexa competencia do Concello de Mugardos”*

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Di que o seu grupo votará a favor da moción dado que se trata de actuacións urxentes e que de feito deberían de estar planificadas.
Portavoz PP	No que respecta aos restos de barcos xa se puxeron en contacto coa policía portuaria para tratar de identificar aos propietarios, e no que respecta á limpeza de praias propón unha emenda, que de aceptarse faría que votasen a favor da moción, e que sería engadir sempre e cando a contratación deste persoal cumpra cos informes favorables por parte de secretaría e intervención.
Portavoz BNG	Manifesta que aceptan a emenda e que o tema da retirada de barcos se leve a comisión, e que cré que estes restos son consecuencia dunha borrasca que houbo fai un ano.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria a moción coa emenda formulada polo grupo municipal PP, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, o Pleno de conformidadeco establecido nos artigos 22 e 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Que atendendo ao anterior, fáganse as actuacións necesarias para a limpeza de praias e portos por parte do concello de Mugardos, sempre e cando a contratación do persoal cumpra cos informes favorables por parte de secretaría e intervención.

Segundo.- Que se inste a Portos se faga cargo da limpeza alí onde non sexa competencia do Concello de Mugardos.

7.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PROMOCIÓN E FOMENTO DA LINGUA NO CONCELLO DE MUGARDOS.-Moción presentada con data 18 de decembro de 2023, número rexistro de entrada 2023-E-RE-2633, da que se dá conta na sesión ordinaria realizada pola Xunta de Portavoces realizada con data 20 de decembro de 2023.

Da inicio ao exame deste punto da orde do día o concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Evaristo Deus Deus, comentando brevemente a exposición de motivos e a proposta de acordo da moción que de seguido se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O galego é a nosa lingua e ten a súa orixe nunha realidade histórica, xeográfica, cultural, literaria e artística. Chega até nós a pesar dos moitos factores políticos e sociolóxicos en contra que foron superados.

A Constitución reconece a nación galega e o galego como parte da diversidade lingüística do estado e un patrimonio de especial respecto e protección.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O Estatuto de Autonomía, e posteriormente a Lei de normalización lingüística fan fincapé na promoción e uso da lingua.

*O día 26.03.2004, o Concello Pleno de Mugardos aprobou o **Regulamento municipal de uso do Galego no Concello de Mugardos** (BOP de A Coruña, núm. 166 do 21.07.2004), no que se estableceu a aplicación da normativa vixente ao funcionamento da administración local de Mugardos e os principios de fomento de promoción da lingua a desenvolver polo goberno municipal, no que ademáis se preservan os dereitos fundamentais da veciñanza.*

Nos últimos anos, hai un descuido visible na aplicación por parte do goberno municipal das obrigas marcadas nesta lexislación.

As últimas actuacións desenvolvidas de fomento e promoción da lingua en Mugardos, foron froito do traballo desenvolvido pola normalizadora lingüística da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, que daba servizo alí donde non existía servizo de normalización propio (Ares, Cabanas, Mugardos, Neda e Valdoviño).

A colaboración cos centros educativos, coas asociacións e a axuda á administración local, as campañas a nivel comarcal, ... xustifica sobradamente a necesidade deste servizo.

Este servizo mancomunado está subvencionado nun 80% pola Deputación de A Coruña e apenas supón desembolso económico para Mugardos.

O acordo plenario da Mancomunidade celebrado o pasado mes de novembro, exclúe a Mugardos na petición do servizo mancomunado de normalización, como até o de agora viña desenvolvéndose.

Esta renuncia enténdese que podería dar lugar á petición individual para dotar a Mugardos dun servizo propio de normalización.

PROPOSTA DE ACORDO:

1. Instar ao goberno municipal a velar e cumprir as obrigas derivadas da lexislación de normalización lingüística no Concello de Mugardos e aclarar se o acordado na Mancounidade é unha declaración de rebeldía ou fará busca de outras fórmulas de prover o servizo.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

2. Instar ao goberno municipal que dote nos orzamentos a partida necesaria para desenvolver as actividades á que está obrigado na promoción e fomento do uso da lingua galega.

3. Instar ao goberno municipal á creación dunha plainificación anual de actividades para o fomento e promoción do uso da lingua galega no Concello de Mugardos. Esta deberá presentarse na corresponde comisión informativa antes de finalizar xaneiro do ano 2024.

4. Instar ao goberno municipal a, que de ser posible, rectifique o seu posicionamento na Mancomunidade e opte por recuperar o servizo que decidíu eliminar.”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PP	O tema da Mancomunidade xa foi á Xunta de Voceiros, e que no expediente que se levou ía un informe do secretario da Mancomunidade no que se indicaba que agora se esixe a condición de carácter estrutural do posto de normalizadora lingüística na Mancomunidade, e entón só cambían dúas posibilidades, suspender o programa ou que a Mancomunidade o financiasse ao 100%, polo que se acordou cancelar o programa de normalización e o cese da persoa que ocupaba o posto. De seguido di que se está a empregar o galego tanto nas redes sociais, como nos informes, instancias, whatsapp, etc, e que as actividades programadas, tales como o Día de Rosalía, as carreiras coa entrega de premios, etc, faise coa lingua galega. A continuación quere deixar constancia de que a normalizadora era unha gran profesional e que traballou moito pola cultura de Mugardos e están moi satisfeitos coa labor que desenvolveu. De seguido di que non están renunciando ao servizo de normalización e que haberá que buscar a forma de retomar o tema da normalización. E para rematar pon como exemplos ao Concello de Fene, gobernado polo BNG, e que non está dentro do servizo de normalización, e ao Concello de Cedeira, no cal o BNG leva a concellería de cultura e tampouco está no servizo de normalización, e que polo tanto o de Mugardos non se trata de ningunha declaración de rebeldía, tal e como poñía na moción.
Evaristo Deus Deus	De seguido di que cré que Fene ten un servizo propio, e





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Grupo BNG	que o certo é que a Mancomunidade tramitou unha nova solicitude de subvención ante a Deputación e nela non figuraba Mugardos, e si figuraba, Ares, Valdoviño... e Cedeira non estaba porque ao mellor o podería pedir como servizo propio, dado que esta sería unha posibilidade para non pedir o servizo mancomunado, aínda que cré que coa situación financeira actual que ten Mugardos non resulta factible abordar este servizo como propio a pesar de que estea financiado nun 85%. Para rematar di que en aras do ben da diversidade cultural e lingüística que vive o estado español pois que neste concello se faga o propio e se cumpra un pouco a normativa en aras de mellorar esa cuestión cultural.
------------------	--

Rematado o debate, sometida a moción a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	Abstención	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, o Pleno de conformidade co establecido nos artigos 22 e 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Instar ao goberno municipal a velar e cumprir as obrigas derivadas da lexislación de normalización lingüística no Concello de Mugardos e aclarar se o acordado na Mancomunidade é unha declaración de rebeldía ou fará busca de outras fórmulas de prover o servizo.

Segundo.- Instar ao goberno municipal que dote nos orzamentos a partida necesaria para desenvolver as actividades á que está obrigado na promoción e fomento do uso da lingua galega.

Terceiro.- Instar ao goberno municipal á creación dunha planificación anual de actividades para o fomento e promoción do uso da lingua galega no Concello de Mugardos. Esta deberá presentarse na corresponde comisión informativa antes de finalizar xaneiro do ano 2024.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Cuarto.- Instar ao goberno municipal a, que de ser posible, rectifique o seu posicionamento na Mancomunidade e opte por recuperar o servizo que decidiu eliminar.

8.- SECRETARÍA.- MOCIÓNS URXENTES.-Non se formulan.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

9.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-

Consta no expediente da convocatoria dilixencia de secretaría, estendida en data 20 de decembro de 2023, que de seguido se transcribe:

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal.

EXPEDIENTE 1716/2023. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2023 (RELACIONES CONTABLES DE FACTURAS F/2023/31 E F/2023/32).-Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente e polas Resolucións da Alcaldía núms. 2023-0860 e 2023-1095 acordouse ordenar o pago de facturas das relacións contables de facturas F/2023/32 e F/2023/31.

APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023. 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2023” da Deputación Provincial da Coruña; téndose aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria realizada o 27 de outubro do 2023, a SEGUNDA E DERRADEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 2/2023 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL, considerándose definitivamente aprobada a segunda e derradeira fase do Plan ao abeiro do establecido na Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de A Coruña número 2023/45905, do 28 de novembro de 2023.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

EXPEDIENTE 2742/2022. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DE ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) ANUALIDADE 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente, téndose presentado dita certificación ante a Deputación Provincial da Coruña.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

EXPEDIENTE 1252/2023. CONTA XERAL EXERCICIO 2022. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse a Conta Xeral correspondente ao exercicio de Exercicio 2022 ao órgano de control externo; téndose remitido polo Consello de Contas de Galicia o resultado das comprobacións efectuadas.

EXPEDIENTE 261/2022. RECLAMACIÓN LIQUIDACIÓNS IAE REGASIFICADORA DEL NOROESTE, SA.- PROPOSTA DE ACORDO EXTRAJUDICIAL PO 244/2021 ABERTO ANTE O XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE FERROL. Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse a adopción do citado acordo a mercantil Regasificadora del Noroeste S.A. e á Excma. Deputación Provincial de A Coruña, téndose requirido á citada mercantil a presentación da documentación necesaria para proceder á sinatura do acordo, ao que ten dado oportuno cumprimento, téndose asinado, en data 15.11.2023 o “ACUERDO ENTRE EL AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS Y REGASIFICADORA DEL NOROESTE, S.A.”, do cal se ten dado oportuno traslado á mercantil Regasificadora del Noroeste S.A. e á Excma. Deputación Provincial de A Coruña; habilitándose ao avogado ao que se lle tiña encomendado o servizo de defensa letrada e representación do Concello no procedemento ordinario 244/2021, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2023-1151, para que proceda a presentar ante o citado Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol o acordo asinado entre o Concello de Mugardos e REGASIFICADORA DEL NOROESTE, SA polo que ambas partes consideran satisfeitos extraxudicialmente os seus





Concello de Mugardos
(A Coruña)

intereses para a adecuada e completa execución dos efectos que se derivan da resolución do TEAC de 28 de marzo de 2019, no que se refire á tributación por Reganosa respecto do IAE dos exercicios 2010 a 2021, ambos incluídos, así como nos exercicios sucesivos, para os efectos, se así procede, de por fin ao procedemento xudicial; téndose acordado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol, mediante auto asinado en data 14.12.2023, a terminación do procedemento xudicial e o arquivo do recurso coa homologación do acordo acadado entre as partes.

EXPEDIENTE 2336/2023. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 03/2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CONTRA A TRAMITACION DUNHA LEI DE AMNISTÍA. Uniuse certificación do acordo ao expediente

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓNS. Uniuse certificación do acordo ao expediente

EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023). Uniuse certificación do acordo ao expediente, téndose acordado, pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-1254, modificar as cláusulas cuarta e sexta do acordo de agrupación das entidades Concello de Ares, Fene e Mugardos para a constitución formal dunha agrupación sen personalidade xurídica de entidades co fin de concorrer de maneira conxunta á orde da convocatoria.”

O Pleno dá por realizado o trámite.

10.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2023-1192 AO 2023-1314. Dáse conta ao Pleno das resolucións de alcaldía e concellerías delegadas dende o derradeiro pleno ordinario comprendendo as numeradas entre o 2023-1192 ao 2023-1314.

C) ROGOS E PREGUNTAS.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

ROGOS	
María Dolores González Lorenzo Grupo EU	Roga que se paguen as débedas coas entidades culturais coas que se ten convenio, aínda que sexa a través dun recoñecemento extraxudicial de créditos.
Alcalde	Di que cré que nestes días se finalizarán tódolos convenios.
Portavoz PSdG-PSOE	Solicita que se emitan os recibos do rodaxe correspondentes ao ano 2023, e mentres non se emiten se prepare algún tipo de procedemento para que se acredite dalgún xeito que se algún veciño necesita acreditar o pagamento do rodaxe do ano 2023, para poder vender un vehículo, se lle acredite, ou que o pague e se lle dea un recibo, para que poida xustificar o pagamento que non pagou. Á vista de que no anterior pleno se aludiu a min persoalmente dicindo que ían a vir a falar connigo ao Concello os veciños beneficiarios dos vales para ver porque non se lles pagaban, porque estaba bloqueando que se lles puidesen entregar eses vales, indica que o decreto de prestacións de emerxencia social de decembro de 2023 está asinado en data 13.12.2023, feito que demostra que non había bloqueo por parte do concelleiro do BNG nin do PSOE, e roga que non se frivolicie con temas delicados como este e ademais que a entrega destes vales se leve a cabo a primeira semana do mes.
Alcalde	Di que non sabe como xustificar que está pagado un recibo si este non o está realmente, pero que non obstante intentarán buscar algún método para acreditar esta situación, e no que respecta aos vales indica que falará coas técnicas sobre esa posibilidade.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as vinte horas e corenta e nove minutos, estendéndose a presente acta da que como secretario accidental dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:

9E85E8F900AF769A31063028398CDA5763221B7C79D02AEED766144CA4ADB49F

Visto e prace

O Presidente

O secretario accidental

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Diego Seijo Alonso

